



MEMORIA XUSTIFICATIVA DA ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES (ACTUAL CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL) E A FEDERACIÓN AUTONÓMICA DE CENTROS DE ENSINO PRIVADO PARA A REALIZACIÓN ACTIVIDADES DE FORMACIÓN PERMANENTE DO PROFESORADO COMO ENTIDADE COLABORADORA.

### ANTECEDENTES

Que a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional exerce as competencias en materia de formación permanente do profesorado, e durante os últimos anos vén asinando acordos con sindicatos, asociacións, fundacións, universidades etc. para a realización de actividades de formación permanente do profesorado.

Que a Federación Autonómica de Centro de Ensino Privado conta con persoal cualificado e recursos materiais para contribuír á formación dos profesores que participan nas actividades de formación.

### RAZÓNS DE OPORTUNIDADE

A formación permanente do profesorado constitúe unha das pezas clave dun sistema educativo que aspire á mellora da súa calidade. A Orde do 14 de maio de 2013 (DOG do 22 de maio) di no preámbulo que a consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria establecerá un marco estable que dea resposta adecuada ás necesidades formativas do sistema educativo que permita conxugar e completar a oferta formativa institucional, coas propostas complementarias procedentes doutras institucións e entidades colaboradoras que organizan actividades de formación permanente do profesorado, en especial as desenvoltas polas organizacións sindicais representativas do sector educativo, os movementos de renovación pedagóxica e as universidades.

### OBXECTIVOS

Coa sinatura desta addenda preténdese seguir coa colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e a Federación Autonómica de Centro de Ensino Privado para establecer o marco adecuado de colaboración, para regular as





convocatorias, recoñecemento, certificación e o Rexistro Xeral de Actividades de Formación Permanente do Profesorado.

Para conseguir estes obxectivos as partes obríganse a:

1º. Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional:

a) Establecer un seguimento das actividades durante a súa realización.

b) Ditar resolución sobre o recoñecemento e inscrición das actividades reflectidas na addenda no Rexistro Xeral de Actividades de Formación Permanente do Profesorado.

2º. A Federación Autonómica de Centro de Ensino Privado levará a cabo as seguintes actuacións:

a) Organizar actividades de formación permanente do profesorado tendo en conta os requisitos establecidos na Orde do 14 de maio de 2013 (DOG do 22 de maio) .

b) Expedir a correspondente certificación aos/ás profesionais que participen nas actividades.

c) Dispor de persoal técnico, equipamento e instalacións necesarias para levar a cabo as distintas accións formativas propostas nas addendas.

O 11 de setembro de 2023 asinouse un convenio de colaboración entre a extinta Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a Federación Autonómica de Centros de Ensino Privado para a realización de actividades de formación permanente do profesorado como entidade colaboradora, e a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional considera conveniente a sinatura desta addenda.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

O director xeral de Centros e Recursos Humanos

Jesús Manuel Álvarez Bértolo

